

Sobre o uso da preposición *a* con OD en galego

Francisco A. Cidrás Escáneo
Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO. Neste artigo ensáíase unha proposta descritiva do uso da preposición *a* con Obxecto Directo en galego estándar, que pretende configurar unha explicación integrada e congruente do fenómeno, de xeito que non se perciba como unha casuística inconexa de regras heteroxéneas. Pártese dunha caracterización xeral do sistema de Marcación Selectiva de Obxecto, común a unha grande cantidade de linguas, e faise unha aplicación ao galego. Distínguense dos tipos de usos da preposición marcando OD, correspondentes á dupla estratexia con que opera o sistema: en primeiro lugar preséntanse os usos de *a* determinados por unha avaliación non-relativa do OD, baseada nos trazos semánticos deste (xerarquía de animación/determinación); a seguir atopamos certos usos da preposición determinados por unha avaliación relativa do OD, en que se toma en consideración a configuración pragmática, semántica e sintáctica da oración no seu conxunto. Duns e doutros faise unha caracterización detallada, cun criterio moderadamente purista e organizada tentando reproducir os mecanismos en virtude dos cales o falante decide (non caoticamente) se debe facer ou non uso da marca.

Palabras clave: Obxecto Directo, transitividade, acusativo preposicional, preposición *a*, galego

ABSTRACT. In this paper we test a proposal for the description of the use of the preposition *a* with the Direct Object in Standard Galician, with the aim of providing an integrated and coherent explanation of this phenomenon as opposed to alternative accounts which might be perceived as mere sets of heterogeneous and unrelated rules. We start from a general characterization of the Differential Object Marking system, common to a large number of languages, and we apply it to Galician. A distinction is made between two types of uses of the preposition marking the Direct Object, corresponding to the double strategy through which the system operates: first we present those uses of *a* which are determined by a non-relative evaluation of the Direct Object based on its semantic features (animacy/definiteness hierarchy); then we find certain uses of the preposition determined by a relative evaluation of the Direct

Data de aceptación: xuño de 2006.

Object, one where the pragmatic, semantic and syntactic shape of the sentence as a whole is taken into consideration. A detailed characterization of both types is given, in accordance with a moderately purist criterion, organized in such a way as to mirror the mechanisms through which the speaker decides (non randomly) whether the marker is to be used or not.

Keywords: Direct Object, transitivity, prepositional accusative, preposition *a*, Galician.

1. Limiar

O problema da explicación e descrición do uso da marca preposicional que levan, de maneira selectiva, algúns Obxectos Directos, atópase entre os asuntos máis intrigantes, problemáticos e atractivos, asemade, que presentan as gramáticas das linguas romances. Fenómenos parellos danse tamén noutras familias lingüísticas, pero o interese que o tema do chamado “acusativo preposicional” ten suscitado no ámbito romanístico é comparativamente moi superior ao destoutros.

Dispoñemos, xa que logo, dunha abondosa bibliografía sobre o tema, tanto desde unha perspectiva panrománica como centrada nas diferentes linguas en que o fenómeno, con maior ou menor grao de uso, se dá. O ámbito do español é, con certeza, o máis rastrexado (vid. Pensado 1995, para un estado da cuestión e bibliografía comentada), en boa medida pola extensión que coñeceu nesta lingua o uso da marca e pola grande riqueza de matices, subtís e pouco doados de apreixar ás veces, que aparecen asociados a ela. A situación de interferencia a que se ve sometido o galego por parte do español converte este en punto de referencia omnipresente, tácito ou explícito, á hora de definir o uso correcto da marca en galego. Verbo do portugués, a outra referencia inescusable, o acusativo preposicional ten suscitado un interese moito máis limitado entre os lingüistas de alén Miño, o que só moi parcialmente se explica polo menor uso que da marca se fai na súa lingua. Todas as achegas monográficas con que contamos son de romanistas foráneos (Meier, Delille, Trulleman, Roegiest...), mentres que nas gramáticas o tema aparece tratado de xeito serodio, errático e, durante moito tempo, francamente desencarreirado, como se pode apreciar no estudo historiográfico de Schäffer-Prieß (2002). Modernamente o tratamento que se lle dá ao tema nas gramáticas segue a ser escaso, salvo na de Vázquez Cuesta, por estar concibida esta para o ensino do portugués a españolfalantes. Finalmente, no galego dispomos arestora de certo volume de abordaxes ao tema, entre as que sobrancean as achegas de López Martínez (nomeadamente 1993) entre outras.

Acontece, porén, que esta proliferación de estudos non vai acompañada dunha clarificación parella na descrición e explicación de cando e por que o OD leva preposición ou non a leva. Percíbese máis ben como un conxunto de múltiples achegas escasamente integradas nas que non é doado de apreciar unhas liñas de progresión nidias (Pensado 1995: 18-19). Máis alá da impericia dos actores (que nunca se pode descartar) semellante estado de cousas remite á propia dificultade do fenómeno estudado, que non se deixa someter doadamente a formali-

zación. Así, a evidente facilidade con que os falantes adquiren e empregan o mecanismo en cuestión fai emerxer a idea de que a decisión de empregar ou non a preposición obedece a unha habilidade intuitiva, sobre a base dunhas regras heteroxéneas e infradeterminadas. Por suposto: esa regraxe é o expoñente do que boamente demos feito no noso quefacer lingüístico, e o recurso á intuición un recoñecemento implícito do que aínda queda por facer —pois tamén os mecanismos da intuición teñen que ser accesibles ao coñecemento metalingüístico.

En termos xerais, as descrições demasiado complicadas e perennemente incompletas, con longas enumeracións de regras heteroxéneas, imprecisas e cheas de excepcións que conforman unha aparataxe en que a complexidade da teoría aumenta dun xeito máis forte que a súa exactitude, dan sempre a sensación de non poderen ser certas. Seguramente non porque se precisen máis regras (que as fagan máis complexas e inverosímiles) senón por responderen a unha estratexia errada. No punto que nos ocupa, as gramáticas de Vázquez Cuesta (1971) e de Freixeiro (2000), as que máis polo miúdo se teñen ocupado do tema en portugués e galego, respectivamente, constitúen encomiables intentos de faceren descrições detalladas, mais deseñando un cadro xeral pouco integrado e mesmo desconcertante para o lector que procure acadar unha visión congruente do sistema (“—Sistema?, ulo?”, poderá mesmo replicar). Noutro lugar (Cidrás 2004: 345-347) teño argumentado que esta situación é produto dunha estratexia descriptiva disposta demasiado a rentes da casuística superficial dos feitos, que estorba a percepción da lóxica, presumiblemente necesaria, subxacente a esa fasquía de caos.

Polo demais, a maioría das gramáticas galegas describen pouco o tema, algunhas nada e algunha mal¹. Todo isto a pesar do carácter altamente simbólico acadado polo acusativo preposicional no reducido conxunto de ítems que conforman a sintaxe emblemática ou diferencial do galego (Cidrás 2004: 340-342). Para completar o cadro de recursos, na monografía de López Martínez (1993), manancial caudalósísimo de exemplos, a descrição do uso da preposición non ocupa un lugar central no programa da obra e baséase nunha categorización moi grosa, en que non se tira todo o partido posible a ese amplo depósito documental. Os restantes traballos dispoñibles tamén non arranxan a eiva.

Perante este panorama de abondos ensaios teóricos e escasos resultados prácticos, resulta comprensible a demanda dun balizamento que guíe por estes mares sempre bretemosos e treboentos os desvalidos navegantes da lingua: sexan profesores que deben explicar o fenómeno a alumnos-falantes, familiarizados co funcionamento do sistema (polo demais interferido) pero non coa súa reflexión metalingüística, ou aqueloutros que deben aprenderllo a neofalantes que descoñecen o sistema, ou simplemente usuarios comprometidos coa integridade da lingua e a pulcritude no seu uso. Todos botan en falta unhas pautas descritivas do correcto emprego de *a* con OD, libre de adherencias do castelán, pero asemade respectuoso coa dinámica evolutiva propia da lingua. Unha regraxe discreta, ben codificada e, ademais, racionalmente aprehensible. Labor, de certo, nada sinxelo, que se insere na necesidade global

1 Para o desigual tratamento da cuestión na historiografía da gramática galega, véxase Cidrás (2005).

dun estándar consolidado para o galego, do que o dito acusativo preposicional é un capítulo pequeno pero senlleiro.

Avezado abondo xa no enxuzamento crítico (e construtivo) do traballo alleo e nas disquisicións teóricas sobre o tema, viro agora a navalla cunha proposta descritivo-explicativa coa que pretendo contribuír a encher un oco deficientemente cuberto. O obxectivo desta achega é o de deseñar unha descrición do uso da preposición *a* ante OD en galego, que poida ser percibida como unha explicación asequible, integrada e congruente (consigo mesma e coa realidade da lingua), e non como unha serie inconexa e aberta de regras heteroxéneas. O camiño para conseguilo consistirá en tentar reproducir os mecanismos en virtude dos cales o falante decide (non caoticamente) se debe facer uso ou non da preposición. Para iso partiremos dun marco explicativo tipoloxicamente adecuado (o que non quere dicir que sexa o único posible) que nos situará no contexto dunha dinámica común a todas as linguas que comparten semellante mecanismo de marcación do OD. Unha vez bosquexada a lóxica con que opera este, seguiremos coa súa descrición aplicada ao caso galego. Infelizmente mesturados na nosa seara o trigo e o xoio, procurei un criterio moderadamente purista, tentando deslindar, con tino e o mellor sentido filolóxico que dei feito, aquilo que se debe considerar galego enxebre daquilo que cabe máis ben supor produto de interferencia. Espiñento labor no cal quixen actuar sen prexuízos heterónomos, calquera que fose a súa procedencia².

2. A marcación selectiva de OD.

Como regra xeral, en galego o OD non leva marca preposicional. Nalgúns casos, porén, vai *excepcionalmente* introducido pola preposición *a*. Cómpre neste punto de partida salientarse ese carácter excepcional: a nosa achega centrarase, por motivos obvios, no detalle desas excepcións; mais iso non nos debe facer perder a perspectiva da súa rareza, moito máis acusada que no castelán.

Rexe pois un sistema de marcación selectiva do obxecto. Este tipo de sistemas que marcan algúns OD e non outros góbernanse por uns parámetros comúns a todas as linguas en que se dan, aínda que a súa aplicación específica é distinta en cada lingua. No que segue procurárase describir o funcionamento deses parámetros así como a súa aplicación ao caso do galego.

A correcta e inequívoca identificación das funcións sintácticas SU e OD é de vital importancia na gramática, pois ambas as dúas artellan a estrutura básica da oración e da transitividade, núcleo da sintaxe oracional. Habida conta de que o SU é o termo non marcado da

2 Para non empecer o manexo práctico da proposta, decidín reducir ao mínimo o aparello crítico así como as discusións e xustificacións teóricas, que en todo caso procurei trasladar ás notas ao pé. Por mor dese mesmo alento máis pragmático que erudito, os exemplos propostos, xeralmente de corpus, están adaptados ao galego estándar. Nos que corresponden a gravacións indicase o concello de orixe; nos literarios (a maioría) identifícase o autor, sen outras especificacións: os máis poden recuperarse no Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILGA), ou ben proceden dos exemplarios de traballos sobre o tema (en particular de López Martínez 1993).

parella (caracterízase por non levar nunca preposición), a marca, de habela, corresponderalle sempre ao OD. Agora ben, existen dúas estratexias posibles para a axeitada identificación morfolóxica desta parella de funcións: unha consiste en colocar a correspondente marca no OD sempre que o haxa (como acontece en latín co sufixo de acusativo); a outra consiste en poñer a marca de OD só se se considera necesaria. Este sistema de *marcación selectiva de obxecto* (MSO) é o que adoptaron todas as linguas neolatinas que posúen algún tipo de marca de caso para o OD —sempre mediante preposicións, tras a perda da flexión casual latina. Polo demais, está moi espallado en numerosos outros grupos lingüísticos (Bossong 1991).

A MSO é, abofé, un mecanismo privilexiado pola súa economía: a preposición úsase só “cando fai falta”. Pero asemade é evidente que o alixeiramento de marcas que comporta carga o seu contrapeso na gramática, é dicir, na descrición das pautas que determinan “cando é que fai falta” a marca e cando non. Esta avaliación é, en todas as linguas con MSO, complexa, suxeita a unha considerable variación interna e mesmo a certo grao de discrecionalidade. Pero ao mesmo tempo responde a unha mecánica sinxela e común a todas as linguas con MSO: márcanse aqueles Obxectos que teñen máis risco de se confundiren cos Suxeitos, basicamente por posuíren as características semánticas dos Suxeitos prototípicos. A marca non é, daquela, propiamente unha marca de “ser OD” senón máis ben de “non ser SU”: unha marca excepcional que procura que o OD non se confunda co SU:

Luís atopou Marta	Luís atopou a Marta / A Luís atopou(no) Marta
Derrotaron os cartaxineses os romanos	Derrotaron aos cartaxineses os romanos
<i>OD confundible co SU</i>	<i>OD marcado inequivocamente fronte ao SU</i>

Dado o carácter excepcional da marca, non se habilita unha específica, senón que se bota man doutra xa existente: a prep. *a*, marca de OI³. Polo mero feito de levar unha preposición, a FN xa non se pode interpretar como SU. Repárese en que deste xeito se asume algún risco, bastante marxinal e por iso asumible, de indiferenciación entre OD e OI: *Ana presentoulle a Luís a Marta*. (v. infra § 3.4,d).

De acordo coa lóxica do sistema, tenderán a levar preposición os OD dos que os seus referentes amosen un alto grao de animación e de determinación. En efecto, os SU prototípicos adoitan situarse na converxencia das zonas altas destas dúas xerarquías, mentres que os OD prototípicos se sitúan nas zonas baixas; é dicir, acostuman ser inanimados e indefinidos. Así pois, o uso de *a* con OD está gobernado pola interacción de ambas as xerarquías, nunha dupla escala cos seguintes chanzos⁴:

3 En Cidrás (1998) analizamos o proceso de emerxencia desta preposición como marca selectiva (ou diferencial, na terminoloxía alí empregada) de OD, atribuíndo a escolla translingüisticamente preferida da marca de OI a dous principios converxentes: a súa proximidade na xerarquía de funcións sintácticas e a afinidade semántica dos OI cos SU, e por tanto cos OD que se queren marcar diferencialmente fronte aos SU.

4 Seguimos neste punto o cadro explicativo de Bossong (1991), quen ten demostrado, sobre unha ampla base tipolóxica, que o emprego da marca de Obxecto vén determinado pola interacción de tres factores graduais

XERARQUÍA DE ANIMACIÓN:

[PronPers [+deíct]] > [N prop] > [+parent] > [+hum] > [+anim] > [+discr] > [+contin]

XERARQUÍA DE DETERMINACIÓN:

[individuado] > [definido] > [indefinido] / [non referencial]

O sistema de MSO predí, para todas as linguas en que rexe, que a presenza da marca de OD (da prep. *a* en galego) está asociada aos trazos máis á esquerda da escala de animación/determinación, e que o seu uso irá descendendo conforme se avance nela cara á dereita, presentando sempre unha zona de conmutación ou de uso variable considerablemente ampla, e nunca un punto de corte nido entre os segmentos de uso obrigatorio e prohibido da marca. En efecto, a distribución do OD preposicional non está plenamente gramaticalizada, no senso de que *non é posible identificar unha clase de Obxectos Directos que levan obrigatoriamente preposición complementaria doutra en que o uso da preposición é agramatical*. Esta variabilidade interna (que ás veces dá unha enganosa aparencia de arbitrariedade e que se atopa na base da dificultade para describir/formalizar o uso da preposición con OD) é común a todas as linguas con MSO e non produto da falta dun estándar autónomo consolidado característica das linguas minorizadas, como por inercia tendemos a vulgar. O que diferencia cada lingua é a localización, amplitude e modo de xestión desa zona de uso variable⁵.

En definitiva, á hora de describir o uso de *a* con OD cómpre establecer primeiro unha zona de marcación sistemática, que nos sitúa no ámbito do uso obrigatorio, a cal dá gradualmente paso a unha zona de uso variable, máis ou menos necesario e, tamén, normativamente máis ou menos recomendable. De xeito parello, atendendo ás pautas de avaliación que debe seguir o falante á hora de decidir se coloca ou non a marca, cómpre diferenciar entre os usos da preposición determinados por unha avaliación non-relativa do OD, baseada nos trazos semánticos deste, daqueles outros usos determinados por unha avaliación relativa do mesmo, na cal se toman en consideración o contexto sintáctico, pragmático e semántico da oración concreta en que aparece o OD.

(*inherence, reference, constituency*) dos que os dous primeiros son dominantes nas linguas romances, consonte as xerarquías dadas. Ambos os dous factores fúndense na chamada “xerarquía de animación e determinación” formulada por Lazard (1984) como de aplicación a numerosos fenómenos lingüísticos, entre os que tamén se atopa o uso de prep. con OD. A idea de localizar o uso do acusativo preposicional na converxencia dos trazos ‘OD de persoa’ + ‘determinado’ non é nova: no eido romanístico remite cando menos a Niculescu (1959), onde presenta, porén, problemas tanto de formalización como de adecuación descritiva.

5 Por suposto, no caso das linguas minorizadas, a esa variabilidade inherente ao sistema engádeselle a inducida por interferencia externa, o que dificulta aínda máis as cousas. No caso do galego está sempre presente a sombra do castelán, lingua que fai un uso ben máis vizoso do OD preposicional, o que propicia o espallamento no galego de certos Obxectos con *a* claramente inadmisibles e, o que é máis molesto para o gramático, dificulta a avaliación de non poucos usos-límite probablemente xerados polo propio sistema do galego mais asemade propiciados se cadra por influxo do castelán.

3. Usos de *a* determinados por unha avaliación non-relativa do OD

En ocasións o uso da preposición vén determinado polas características semánticas do OD e a súa localización na escala de animación/determinación, sen poñelo en relación coas características do SU que leva a oración. Establécense, pois, nesa escala unhas zonas de uso (obrigatorio ou tendencial) da preposición que non dependen da avaliación *ad hoc* da oración en cuestión: márcanse os OD con características de SU prototípicos, con independencia de se resultarían ou non ambiguos de non levaren a marca. É a zona en que o uso da preposición está máis gramaticalizada, no sentido de ser máis independente do contexto. En galego é esta unha zona moi reducida, e os seus usos son daquela moi limitados, sobre todo se os comparamos cos doutras linguas moito máis marcadoras, como o castelán, que neste punto exerce unha forte presión de interferencia sintáctica sobre o galego que cómpre neutralizar.

A continuación descríbense, con carácter aproximativo, estes usos máis gramaticalizados de OD preposicional, organizados de acordo coa súa posición na escala, correlativa ao seu grao de gramaticalización, e acompañados dunha avaliación prescritiva do seu uso.

3.1. O OD leva obrigatoriamente preposición *a* cando é un **pronome persoal tónico**. Chanzo máis alto na converxencia das xerarquías de animación e determinación, este é historicamente o uso que primeiro se gramaticalizou (en certa medida é o único completamente gramaticalizado) e é asemade o chanzo que, como mínimo, necesariamente ten que marcar toda lingua MSO. O uso obrigatorio da preposición é parello ao tamén preceptivo redobro de clítico que estes OD comportan⁶:

- (1) a. Mais, quen sería o traidor que o trouxo **a el** a Barcelona? (Risco).
- b. **A nós** coñeciánnos en todos os sitios onde quixeramos ir (Blanco Amor).

Repárese: o uso da preposición é obrigatorio aínda que os exemplos non serían ambiguos sen ela, pois o OD non se confunde co SU, mesmo ocupando a posición preverbal típica destes (como en (1b)).

3.2. Tamén se pode considerar plenamente gramaticalizado o uso de preposición cuns poucos **pronomes non-persoais**, cando estes teñen un referente persoal e funcionan como núcleo da FN-OD, polo que posúen un estatuto moi próximo aos pronomes persoais. Concretamente:

6 A conexión existente entre o uso de preposición con OD e o redobro deste mediante clítico de acusativo é ben coñecida e non pasou desapercibida para os estudosos clásicos da transitividade preposicional (Niculescu 1959, Rohlf's 1971). Aínda que non está claro en que sentido actúa a determinación, o certo é que os factores que definen a posibilidade ou obrigatoriedade do redobro son as mesmas que favorecen o uso da preposición (Laca 1987).

a) Co pronome *un* usado como impersoal, pero non cando funciona como indefinido ou como artigo indeterminado. Obsérvese que, como impersoal, ten sempre referente humano (igual que o *se*) e interpretación definida (contrariamente a cando funciona como indefinido): trátase dun *eu* encuberto elevado á categoría de representante universal dunha clase. O OD pode ir redobrado por clítico de acusativo, pero non necesariamente.

- (2) O Diñeiro é Salvador porque tira **a un** de apuros; é Rendentor porque redime **a un** da pobreza (Risco).
[En ambos os casos podería ben darse redobro de clítico: *porque o tira a un... porque o redime a un...*].

Por contra, non levan preposición, por non seren impersoais, os seguintes exemplos, aínda tendo referentes humanos:

- (3) a. Atopei pola rúa **un** que se parece moito a ti.
b. Se buscas avogado, eu coñezo **un** moi bo.

b) Cos cuantificadores universais ou de totalidade *todos/as* e *ambos/as* cando teñen referente humano e funcionan como núcleo do OD⁷. Tamén neste caso é frecuente o redobro de clítico:

- (4) a. Serían polas cinco da mañá cando nos espertou **a todos** aquel berro estarrecedor (Fole).
b. Isto último foi o que máis acontentou **a todos** (López Ferreiro).
c. E Lanzarote amaba **a ambas** (Ferrín).
d. **A ambos**, e isto é o importante, a vida cotiá alterounos, cambiounos (G. Sabell).

A regra esténdese tamén ao grupo cuantificador “artigo + numeral cardinal” (*os dous*, *os tres*), igualmente cando posúen referente humano e función nuclear, pois este grupo compórtase contextualmente como un cuantificador universal (denota a totalidade de individuos dunha clase definida e cuantificada no contexto previo: *Había alí dez rapaces e os dez [=todos] eran chineses*). Porén, a diferenza do que acontece con *todos* e *ambos*, con “artigo + numeral” a obrigatoriedade da preposición semella limitarse aos casos en que se dá redobro de clítico; sen el a marca pode non aparecer. Repárese:

- (5) a. Aquel berro espertounos **aos dez**. *cfr.* a?. Aquel berro espertou **os dez**.
b. Isto foi o que os contentou **aos tres**. *cfr.* b?. Isto foi o que contentou **os tres**.
c. Lanzarote amábaas **ás dúas**. *cfr.* c?. Lanzarote amaba **as dúas**.

7 O outro cuantificador universal (*cada*) exclúese por non poder funcionar como Núcleo de FN. Esta restrición débese á súa carencia de flexión de xénero/número, indispensable para poder elidir o nome ao que cuantifica, pois sen eses trazos flexivos non se garante a recuperación da elipse.

Existen usos sen preposición que aparentemente poderían alegarse en contra da aducida obrigatoriedade da marca cos OD cuantificadores universais. Por exemplo:

- | | | | |
|-----|----|--|--|
| (6) | a. | Atopeinos todos no ciber | (Os rapaces atopeinos todos no ciber) |
| | b. | Suspendeunos ambos o profesor | (Os rapaces suspendeunos ambos o prof.) |
| | c. | Suspendeunos os dous o profesor | (Os rapaces suspendeunos os dous o prof.) |

Agora ben, estes cuantificadores nestes usos (que moitos gramáticos denominan “flutuantes”, pola liberdade posicional que amosan con relación á entidade cuantificada) non son o OD da oración, que, como se pode ver na columna da dereita, é sempre *Os rapaces*; nin sequera forman parte desta FN, que cuantifican sen integrarse nela, como un elemento escindido. O que ocorre nos exemplos da esquerda é que a FN en cuestión aparece elidida, elipse que non alcanza ao cuantificador, externo a ela. Consecuentemente, *todos*, *ambos*, *os dous* nin son nin forman parte do OD da oración (función que desempeña, en elipse, *Os rapaces*) e por tanto non levan marca preposicional.

c) Co identificador *calquera* (que algúns gramáticos inclúen nos cuantificadores universais⁸), tamén cando ten referente humano e funciona como Núcleo:

- | | | |
|-----|----|--|
| (7) | a. | Sente un cariño cego pola filla e ve de mal ollo a calquera que se lle achegue (García Barros). |
| | b. | Para o posto de encargado non van contratar a calquera . |

En exemplos do tipo *Están buscando un encargado pero non van contratar calquera*, o identificador non leva preposición porque, repárese, *calquera* é o Determinante da frase OD, non o seu Núcleo, que é (en elipse) o substantivo *encargado*: o OD desempeñao, pois, a FN *calquera encargado*, que non admite preposición.

3.3. Como alargamento dos usos devanditos, tende a estenderse o emprego da preposición tamén aos **outros pronomes non-persoais** cando teñen referente persoal e funcionan como Núcleo da FN-OD. A situación é, porén, distinta segundo os casos:

a) Cos demostrativos, cando están usados con referente persoal e en función nuclear, está amplamente xeneralizado o uso da preposición, aínda que non é de certo obrigatorio. Tamén o está, aínda que en menor medida, co indefinido *ninguén*. Téñase en conta que, no contexto de uso indicado, os demostrativos posúen unhas características moi próximas aos pronomes persoais (teñen interpretación deíctica e altamente determinada, o que os sitúa na zona alta da escala de animación/determinación), e *ninguén* un estatuto moi afín ao dos

8 *Calquera* pode funcionar ao xeito dun cuantificador universal (cf. *Calquera pode facelo ≈ Todos poden facelo*). Porén, máis que un cuantificador de totalidade é un indefinido que, por mor do valor xenérico de indistinción que adquire en certos contextos, chega acadar unha interpretación de totalidade. Para esta análise aplicada ao inglés *any* vid. Krifka *et al.* (1995), e aplicada ao español *cualquiera* vid. Sánchez López (1999).

cuantificadores de totalidade (é o correlato negativo de *todos*). Dado que cos pronomes persoais e cuantificadores de totalidade é obrigada a marca preposicional, non resulta estraño o alargamento desta a estoutras formas:

- (8) a. Nunca vin diante miña **a eses**.
 b. A sabencia do médico, tan cinguida e veraz, torna **a este** en mera testemuña do que ve (G. Sabell).
 c. En Santiago xa non poden ver **a ninguén** de Lugo; en Lugo xa non poden ver **a ninguén** de Santiago (Risco).
 d. Onde me esconderei, / que xa ninguén me vexa e eu non vexa **a ninguén**? (Rosalía).

Resultan posibles estes mesmos usos sen preposición. Son, en xeral, máis frecuentes con *ninguén*:

- (9) a. Non quereirei máis **ninguén**, / que amor soamente un / se pode ter, pra ser ben (Fandiño).
 b. Xa no mundo non teño **ninguén** (Curros).

Co OD en posición preverbal a ausencia de preposición é o habitual en ambos casos, sempre que non se produza confusión co SU:

- (10) a. **Eses** nunca os vin diante miña.
 b. **Ninguén** coñecín que fose tan espelido coma ela.

b) Cos demais pronomes non-persoais usados con referente persoal e función nuclear, aínda que con maior ou menor frecuencia se rexistre a presenza de preposición, prescritivamente semella recomendable restrinxir o seu uso ao máximo, limitándoo aos casos en que resulte necesario para evitar interpretacións ambiguas. Daquela, nos exemplos que seguen son preferibles os primeiros (11), por non levaren *a*:

- (11) a. Resolveuse buscar **alguén** para o día seguinte (García Barros).
 b. Vai vello pero aínda pode levar **moitos** por diante.
 (12) a. Coidei que traían **a alguén** a enterrar a Miranda (Cunqueiro).
 b. Aínda estás para lewares **a moitos** por diante (Castelao).

3.4. Cos nomes propios de persoa en función de OD o uso de preposición está hoxe practicamente xeneralizado. A esmagadora presenza da marca asóciase á localización destes nomes na zona máis alta (tras os pronomes persoais) da escala de animación/determinación, ao posuíren unha interpretación unívoca que fai que sexan os únicos nomes que non precisan ser actualizados:

- (13) a. A boa muller ollaba **a Pedriño** e xa lle parecía un santo (Castelao).
 b. Eu coñecín **a Nóvoa Santos**, dixo Casal (Rivas).

Con todo, o uso da preposición con antropónimos non chega a ser completamente obrigatorio e debe matizarse con algunhas observacións:

a) O uso de artigo co nome propio (presente nalgunha medida en todo o territorio e xeneralizada nalgunhas zonas, en rexistros non formais) favorece a ausencia de preposición. A pesar de carecer de función determinativa, o artigo rebaixa os nomes propios un grao na xerarquía de determinación, convertendo en habitual a ausencia de marca:

- (14) a. E non falou máis nin houbo en tres días quen vise **o Goriño** en ningures (Lamas).
b. Eu xa non amaba **o Queitán** (Conde).

Raramente pode aparecer nestes casos a preposición como marca reforzada ou enfática dun OD que, de xeito eventual, se poida xulgar insuficientemente marcado de non leva-la. Este recurso, porén, debe limitarse ao estritamente necesario:

- (15) a. O Román, que estaba a calear o corredor, viu **ao Toño** na eira e foise cabo del (Fole).
b. E foi que prendeu nun sobrado **ao don Silvestre** (Cunqueiro).

Idéntico efecto posúe o tamén frecuente uso do posesivo cos nomes propios: o OD non leva daquela preposición. Neste caso o nome deixa de ter xa unha interpretación unívoca de seu, e pasa a comportarse como un nome común de persoa. O mesmo ocorre cando leva, mais raramente, outros determinantes:

- (16) a. Antoniño, meu Antonio, / meu rosario de cadea, / cando vexo **o meu Antonio** / vexo a miña casa chea (cánt. pop.).
b. Pepa, bota **o teu Manuel** para a Habana ... tamén García bota o seu e Liñares o seu (Teo).
c. Non sei se coñecerei **ese tal Pepe**; a verdade é que coñezo **moitos Pepes**.
d. A maioría das literaturas non teñen **un Shakespeare**, pero son tamén interesantes.

Por suposto, non levan preposición certos nomes comúns procedentes de antropónimos, por máis que eventualmente se grafen con maiúsculas. Trátase de usos en que designan clases de entidades co trazo [-anim], e xa non individuos [+hum], polo que non levan preposición. Compárese o uso con *Cristo* referido á persoa (17a) e á imaxe (17bc, onde admiten todo tipo de complementación, como calquera nome común):

- (17) a. Por que tantas liortas, preiteos e demandas / entre os que **a Cristo** adoran, a Osiris e a Adonai? (Curros).
b. Para me librar deste estrago / fun ver **o Cristo de Ourense** (Curros).
c. Ti ves **ese Cristo que está no cruceiro** (Pintos).

b) Con carácter excepcional, rexístranse usos de antropónimos non precedidos de determinante que non levan preposición cando funcionan como OD⁹.

9 No galego medieval (como testemuña López Martínez 1993, 1998) o uso de *a* con antropónimos aumenta no séc. XIV e sobre todo no XV, sen chegar á súa xeneralización, que debeu acadarse durante os chamados “séculos

Na lingua oral de hoxe en día, os exemplos máis factibles corresponden a estruturas cun moi baixo perfil de transitividade: verbos estativos, ou usados como tales, e obxectos nula-mente afectados aos que non se lles transfere ningunha actividade por parte de ningún axente. Os verbos implicados son, basicamente, *ter* (o verbo transitivo máis atípico) e algúns de percepción (*mirar*, *ver*, *saber*), usados sempre en estruturas estativas, de presentación (física ou mental) dunha entidade no discurso (p. ex., *mira* non se parafrasea como ‘dirixe a vista cara a x’ (acción), senón como ‘(repara en que) velaí está x’). Trátase de usos do seguinte atípico teor:

- (18) a. Aínda chos hai ben máis argalleiros ca el; aí **tes Pepe**, aí **tes Brais**... Moitos.
 b. **Ves Diego**? É un rapaz moi bo; a ver se ti es coma el.
 c. Non me veñas con historias; **mira Elisa**: se ela puido, ti tamén tes que poder.
 d. Para atopar hai que buscar. Non **sabes Bea**? Está de tradutora en Bruxelas.

Obsérvese que, nestes exemplos, o uso da preposición ou ben é imposible (**Sabes a Bea?*), ou ben levaría á interpretación do enunciado como unha acción, conforme o uso canónico dos verbos: *Ves a Diego? Está na primeira fila.* (Cf. *Mira eu vs. Mirame a min*)¹⁰.

En estruturas transitivas canónicas, con OD prototípicos, a ausencia de preposición perante nomes propios rexístrase moi esporadicamente nalgúns falantes, en ocorrencias illadas como as seguintes (estrañas para a maioría das persoas, que tenderán a non producilas, pero que de maneira pasiva as xulgan plenamente aceptables):

- (19) a. Despois a avoa criou os fillos: **criou Oliva**, **criou Dolores**, Pepa, todas (Lousame).
 b. E **leveí José de Paisaco** a axudarme a arrincar o esterco (Feás).

Fóra de tales ocorrencias, os escasos usos vivos desta construción parecen abeirarse na reserva documental do cancionero tradicional, onde converxen o conservadurismo lingüístico e os condicionamentos métricos a propiciaren estes empregos:

escuros”. Esta é practicamente a mesma cronoloxía que rexe para o uso cos pronomes persoais (e por tanto para o nacemento do sistema DOM). En portugués o uso de *a* cos nomes propios, algo menor no período medieval, medra no séc. XVI e xeneralízase no XVII; no séc. XVIII prodúcese na lingua escrita un recuamento inducido no uso da preposición (Delille sospeita que non tanto na lingua falada), malia o cal cos nomes de persoa aínda era xeral a fins do XVIII, decaendo finalmente xa no XIX (Delille 1970). A diferenza de uso entre os pronomes persoais e os antropolónimos non é tanto temporal (son procesos case coetáneos) senón de nivel de gramaticalización, nunca plenamente acadada no caso dos nomes e si no dos pronomes, lémbrese.

10 Con *ter* é posible o uso de *a* sen que mude o carácter presentativo do enunciado (*Aí tes a Pepe*). Porén, o uso sen prep. só admite a interpretación do enunciado como unha presentación non-física (como ‘aí tes o caso de Pepe’, non como ‘aí tes a Pepe en persoa’), mentres que o uso preposicionado privilexia a interpretación da estrutura como a presentación dunha presenza física. Asemade, a ausencia de prep. está favorecida pola estrutura presentativa por excelencia, con *estar*: *Aí está Pepe* (cf. *Aí o está*, con *Pepe* tratado moi marxinalmente como un OD atípico: clítiza en acusativo, pero non admite en ningún caso *a* e conserva o control da concordancia número-persoal co verbo (trazos propios de SU).

- (20) a. Algún día **quixen Pepa** / agora **quero Marica** (cánt. pop.).
 b. Estimaba de **levar** / **Marica** de par de min (cánt. pop.).

Na lingua literaria estes usos están practicamente ausentes, fóra dalgúns exemplos que aparecen moi esporadicamente, sempre con carácter illado na propia lingua do autor e sempre en contextos marcados que mediatizan un uso excepcional: danse case só en obras en verso con condicionantes de metro, e tamén en enunciados cun baixo perfil de transitividade¹¹:

- (21) a. Que **qués Técola** ben sei / e que tes amistá co'ela (Fandiño).
 b. Aí **tes Mella**, un mal letrado / Aí **tes Cesáreo Rodrigo** (Curros) [métrica + baixa transitividade (cf. 18a supra)].

c) Tamén non acostuman levar preposición os nomes propios cando, por metonimia, non fan referencia á persoa, senón á súa obra ou á súa figura, elementos estes que rexeitan a marca preposicional dados os seus baixos niveis de animación e determinación. Por exemplo:

- (22) a. O profesor de literatura **explicou Rosalía de Castro** en media hora.
 b. No concerto desta noite a orquestra vai **tocar Beethoven e Chopin**.
 c. Cando **consultes Murguía, / Paz, Pondal, Añón e Lamas** (Curros) [metonimia + condicionamento métrico].

d) Por último cómpre sinalar a tendencia a non levaren preposicións os nomes propios de persoa en función de OD cando concorren con outro complemento verbal marcado por *a*, para evitar a confusión entre ambos. Pode darse, basicamente:

- concorrencia con OI (estruturas do tipo '*X presenta Y a-Z*')
- id. con complemento de verbo comparativo (tipo '*X prefire Y a-Z*')
- id. con outro obxecto preposicional rexido (tipo '*X adapta Y a-Z*')

11 O único exemplo literario en prosa e nidiamente transitivo sen preposición que se documenta na bibliografía científica (*Enteirouna de como na inclusa había de gardar Maxina*, de Marcial Valladares, recólleno López Martínez 1993 e Freixeiro 2000) non é en realidade tal, pois trátase dunha máis da “multitude de erratas” aparecidas na primeira edición da novela (en *La Ilustración Gallega y Asturiana* 1880, fonte da edición de Carballo para Galaxia, de 1970), das que deixou constancia e queixa o propio Valladares. Como se pode verificar no manuscrito do autor e queda como lectura definitiva desde a edición de Tarrío, Neira e Roig-Rechou (Xerais 1991), o exemplo realmente di: *Enteirouna de como na inclusa había de quedar Maxina*, onde o nome propio non leva preposición porque é SU. Á marxe deste, no conxunto dos 305 exemplos con nome propio OD en galego moderno documentados en López Martínez (1993), unicamente aparece outro exemplo en prosa (*Vexo cheos de glorias os reis de Castela e aos seus pés, prisioneiro, Pero Pardo de Cela*, de Cabanillas) en que, repárese, o –dubidoso– OD aparece moi afastado do verbo rexente, nunha construción coordinativa en que habería que supor unha elipse verbal. Isto fai que o nome propio só moi feblemente se conciba como OD, o que facilita a ausencia de *a*. Quedan polo demais, nese corpus, só 5 exemplos claros de OD sen *a*, todos eles en verso e en usos en que a presenza da preposición rompería o metro, e asedame nun par de casos (21b, 22c, supra) cun baixo perfil de transitividade. Por suposto, isto non demostra a imposibilidade de exemplos literarios con ausencia non condicionada de preposición, do tipo dos de (19), aínda que si a súa extrema rareza.

Con todo, ás veces asúmese o risco de ambigüidade e mantense a marca preposicional no OD: é o máis común no caso de concorrencia con OI, en que a identificación déixase recaer na orde de constituíntes (V+OD+OI). Por contra, nos verbos con complementos comparativos o habitual é a ausencia de preposición. Por suposto, cabe tamén a alternativa de mudar a forma do terceiro argumento, co que o OD volverá levar *a* (exs. entre caixas [] infra). Isto é (+ indica opción marcada):

- (23) a. +Presenteille **Luís** a Marta.
 a.' Presenteille **a Luís** a Marta.
 b. Prefiro **Luís** a Marta.
 b.' +Prefiro **a Luís** a Marta. [→ Prefiro **a Luís** antes que a Marta]
 c. Foinos difícil adaptar **Luís** a Marta.
 c' Foinos difícil adaptar **a Luís** a Marta. [→ Adaptar **a Luís** a como é Marta]

3.5. Ao contrario do que ocorre cos antropónimos, cos **nomes propios de lugar** o OD non leva preposición, congruentemente cos principios rectores da marcación selectiva de Obxecto: os topónimos posúen un alto grao de determinación (teñen referente unívoco), pero designan entidades non animadas. Dicimos, pois, *Colón descubriu América; Teucro fundou Pontevedra; Xa coñezo Italia* ou *Imos visitar Braga*.

Porén, con verbos que habitualmente rexen complemento humano, en usos en que o topónimo recibe unha interpretación antropomórfica (é dicir, cando con el nos referimos metonimicamente aos seus habitantes, aos seus gobernos...) é frecuente o emprego da preposición, como se se tratase dun antropónimo:

- (24) a. Na nosa Galiza non existiu, durante tres séculos, máis que o afán suicida de imitar **a Castela** (Castelao).
 b. A Xunta critica **a Madrid** polo incumprimento dos compromisos orzamentarios.

3.6. Os **nomes de parentesco** en función de OD levan ás veces preposición e outras van sen ela, mais non ao chou. Este peculiar grupo de nomes amosa un alto grao de animación —case sempre son [+hum]— pero un grao de determinación ou referencialidade potencial moi variable, que se atopa na base do alternante uso da marca de OD. A medio camiño entre os nomes propios (de referencia individuada e marca preposicional xeneralizada) e os nomes comúns co trazo [+hum] (cunha referencialidade xenérica e construídos case sempre sen preposición), os nomes de parentesco son nomes comúns que ás veces son moi restritivos na súa referencia, que mesmo pode chegar á individuación (ex.: *Papá preocúpase por ti*), pero que tamén poden designar clases moi amplas (ex.: *Os pais preocúpanse polos fillos*). Consonte os principios xerais da MSO, canto maior sexa o grao de determinación destes nomes, maior será o uso da marca preposicional, achegándose así ao comportamento dos nomes propios, mentres que os usos cun referente potencialmente máis xenérico tenderán a rexeitar a marca, como acontece por regra xeral cos nomes comúns. Repárese na seguinte batería de exemplos, en que se confrontan as posibilidades de marca preposicional:

- | | | |
|----------|-------------------|---------------------|
| (25) 1a. | *Visitei papá | Visitei a papá |
| 1b. | Visitei o papá | *Visitei ao papá |
| 2a. | *Visitei teu pai | Visitei a teu pai |
| 2b. | Visitei o teu pai | *Visitei ao teu pai |
| 3a. | Visitei uns pais | *Visitei a uns pais |
| 3b. | Entendo os pais | *Entendo aos pais |
- [Exemplos ordenados por grao de referencialidade: 1 = indiv. → 3 = xenér.
O símbolo (°) marca a opción como máis custosa, (*) como inaceptable]

Cando os nomes de parentesco se usan con referente intrinsecamente unívoco (exs. 1ab), o seu comportamento é idéntico ao dos nomes propios: non precisan de artigo nin de ningún actualizador e, daquela, levan necesariamente preposición: (1a) *Visitei a papá* como *Visitei a Pepe*. O eventual uso do artigo (1b) favorece, como no caso dos nomes propios, a ausencia de preposición: *Visitei o papá* como *Visitei o Pepe*. Se a referencia do nome de parentesco está limitada deícticamente cun posesivo (ex. 2a) é frecuente o uso de preposición, pero tamén é posible a ausencia de marca. A presenza de artigo co posesivo (xeral nos nomes comúns pero non así nos propios, cos cales é sabido que se dá en galego unha alternancia que ten que ver tamén co peculiar grao de referencialidade deste grupo de nomes) favorece novamente a ausencia de preposición: quen di *teu pai*, sen artigo, tende a dicir *Vin a teu pai*, con preposición; pero cando se di *o teu pai*, con artigo, tende a non usarse a preposición de OD: *Vin o teu pai*. No caso dos empregos referencialmente xenéricos dos nomes de parentesco (exs. 3ab) o uso da preposición é completamente inaceptable.

4. Usos de a determinados por unha avaliación relativa do OD

Os nomes de parentesco son os únicos nomes comúns que tenden de seu (e de maneira selectiva) a levar preposición marcadora de OD. O resto dos nomes comúns, sexan referentes de entidades humanas ou, por suposto, cun grao de animación máis baixo, non levan, en principio, preposición, ao non se lle atribuír un risco elevado de confusión cos SU prototípicos, cos cales non comparten características semánticas. A pesar diso, estes nomes comúns (sobre todo os que designan entes humanos, pero mesmo eventualmente inanimados) poden tamén necesitar marca preposicional de OD en determinados contextos de uso en que, sen ela, serían interpretables como SU. Ao falante cábelles determinar, daquela, a conveniencia de empregar ou non a marca, a través dunha avaliación *ad hoc* (axustada a cada caso concreto) e de carácter relativo, no senso de que non se teñen en conta as características autónomas do OD senón a configuración da oración no seu conxunto (e especificamente da parella SU-OD), nun triplo nivel:

1. *Configuración pragmática*: avalíanse os efectos ambigüadores das alteracións na orde de constituíntes da oración, e de certas marcas prosódicas asociadas a elas.
2. *Configuración semántica*: avalíanse os efectos ambigüadores das alteracións nos padróns semánticos prototípicos do binomio SU-OD.
3. *Configuración sintáctica*: avalíanse os efectos ambigüadores propiciados polas características de determinadas estruturas sintácticas.

4.1 Usos condicionados pola configuración pragmática da oración

A alteración na orde dos constituíntes oracionais pode provocar problemas na identificación do SU e OD do enunciado transitivo, pois, como é sabido, a orde básica (en galego SVO) é, en ocasións, a única marca que identifica tales funcións: *Os romanos derrotaron os cartaxineses*. Os problemas poden acontecer, daquela:

- (a) cando se permuta a orde dos constituíntes (isto é, SVO → OVS),
- (b) cando ambos se atopan quer en posición preverbal, quer en posverbal, e
- (c) cando se omite da oración un deles.

Cómpre, asemade, diferenciar os casos en función da motivación comunicativa do(s) movemento(s) que dan lugar á orde non-básica.

a) A anteposición do OD é as máis das veces produto dun proceso de **tematización**: desprázase á posición inicial para marcalo así como Tema do enunciado. A tematización do OD provoca o redobro deste polo clítico de acusativo, que non se dá no caso do OD ocupar posición posverbal. Daquela, esta marca clítica resulta abonda para evitar a ambigüidade entre o SU e o OD cando ambos permutan as súas posicións habituais: *Os cartaxineses derrotáronos os romanos* é un enunciado inequívoco e, daquela, resulta innecesaria e pouco recomendable a marca preposicional: ??*Aos cartaxineses derrotáronos os romanos*.

Pero o desprazamento á posición inicial do OD pode ser debido tamén a un proceso **focalización**. Aínda que a posición inicial é, en principio, moi custosa en galego para os Focos, resulta relativamente frecuente no caso dos Focos ponderativos. O movemento a posición inicial dun OD focalizado non provoca o redobro do clítico, a diferenza do Obxecto tematizado na mesma posición. En consecuencia, no caso de que os trazos semánticos e morfolóxicos (MPN) dos dous argumentos implicados sexan compatibles, a oración resultará ambigua, ao non se diferenciar formalmente o SU e o OD. Por exemplo: *MÓITOS acusaron sen probas os rapaces* (as versais marcan énfase tonal). Tanto *moitos* como *os rapaces* poden ser vistos alternativamente como SU e OD, dando lugar a interpretacións contrapostas. A solución esperable a esta situación é a marca preposicional do OD desprazado como Foco (*A MÓITOS acusaron sen probas os rapaces*); mais os OD focalizados en posición inicial son particularmente relutantes ao uso da preposición como MSO, polo que a devandita solución resulta pouco natural. Iso implica dúas cousas: (1) que a marca preposicional, necesaria para deixar inequívoca a oración, tenderá a colocarse nestes casos no OD posverbal e non focalizado (cando se focaliza o SU na súa posición inicial habitual ao inicio da oración), contravindo o esperable: *MÓITOS acusaron sen probas aos rapaces*; e (2) que na oración *MÓITOS acusaron sen probas os rapaces* tenderá a interpretarse *moitos* como OD e *os rapaces* como SU, a pesar das súas posicións respectivas.

b) En ocasións a alteración da orde básica non se resolve nunha permuta das posicións (isto é OVS), senón en que **SU e OD aparecen xuntos** quer en posición preverbal (por desprazamento do OD cara á esquerda), quer en posición posverbal (por movemento do SU cara a ese lugar). Cando os trazos semánticos e morfolóxicos (MPN) dos dous argumentos pro-

pician a interpretación ambigua, márcase con preposición o OD para desfacela. Agora ben, cómpre diferenciar os casos segundo a orde dos constituíntes SU e OD con relación ao verbo e entre si. No caso de iren os dous en posición preverbal, o uso da preposición resulta imperativo, con independencia da posición relativa de ambos (tanto SOV como OSV). No caso de iren pospostos, se o OD segue inmediatamente ao verbo (VOS), a marca preposicional é obrigatoria; se é o SU o que segue ao verbo (VSO) o OD tamén leva con frecuencia preposición, pero non de xeito obrigatorio: en ausencia de marca, entenderase que o constituínte máis próximo ao verbo é o SU. Repárese:

- (26) [SOV] A Santa Igrexa **ao Mariscal** condena (Cabanillas).
 [OSV] Cal **ao paxaro** a serpe / cal **á pomba** o gavián / arrincouna do seu niño (Rosalia).
 [VOS] Case envexan **aos casados** / os que están por merecer (Curros).
 [VSO] a. Trouxo Inés **á nena** para que a viran (Valladares).
 [OD con prep. non obrigatoria]
 [VSO] b. Deitou Inés **a nena** de par del (Valladares).
 [OD non ambiguo sen prep.]

Por máis que vaian xuntos en posición pre ou posverbal, no caso de que non resulte posible a confusión entre SU e OD, deberá evitarse a marca preposicional do Obxecto, pois non hai ambigüidade que desfacer. Tal ocorre nos seguintes exemplos:

- (27) a. Xa é noso o anel de ouro / con que o cacique **a terra** asoballara! (Cabanillas).
 b. Nunca vira el **unha muller núa** ao sol da mañá (Cunqueiro).
 c. Na miña vida coñecín eu **esa moza**.

c) Cando nunha oración transitiva se **omite un dos dous argumentos**, como ocorre nomeadamente nas construcións impersoais, úsase a preposición co OD no caso de resultar ambigua, sen ela, a oración, tanto se o OD vai anteposto como posposto ao verbo. Obsérvese que nos seguintes exemplos, sen preposición, cabería interpretar *os humanos* (28a) e *os caseiros* (28b) como SU:

- (28) a. Nada de particular tería que **aos humanos** os tratasen coma animais (Conde).
 b. Dispuxo logo que chamaran **aos caseiros**, que abriaran a capela e todo o demais (Fole).

No caso de os trazos do constituínte explicitado seren compatibles cunha soa das funcións en xogo, de xeito que só se poida interpretar ou como SU ou como OD, debe evitarse a marca preposicional, como acontece nos seguintes exemplos (a diferenza dos anteriores, estes teñen interpretación unívoca sen *a*):

- (29) a. Nada de particular tería que tratasen **os humanos** coma animais.
 b. Dispuxo logo que chamaran **o caseiro**.

4.2 Usos condicionados pola configuración semántica da oración

A alteración dos padróns semánticos prototípicos da transitividade (i.e., SU [+hum] / OD [-anim]) atópase na base de certos usos de *a* con Obxectos Directos que, doutro xeito, rexeitarían a preposición. Os casos de marca máis sistemática corresponden a verbos que posúen de seu un esquema semántico atípico, o que dá lugar a unha reanálise pola que o OD con *a* pasa a interpretarse, máis ou menos solidamente, como OI. Cando a alteración do padrón semántico ten un carácter puntual (é dicir, cando atinxe a verbos que posúen de seu un esquema semántico prototípico) o uso da preposición co OD debe limitarse aos casos en que a súa ausencia provoque risco de interpretacións non desexadas. Concretamente:

a) Un grupo de verbos que expresan proceso (case sempre mental), como *agradar*, *amolar*, *estrañar*, *impresionar*, *molestar*, *preocupar*, *sorprender*, *beneficiar*, *favorecer*, *prexudicar*..., adoitan presentar o esquema semántico contrario ao característico da transitividade: SU [-anim] e OD [+hum]. Esta peculiaridade semántica parece ser o alicerce da forte tendencia que amosan estes OD a levaren marca preposicional máis alá da zona de marcación obrigada. Repárese nos seguintes Obxectos e no clítico (de acusativo) que os recupera:

- (30) a. O ruído da música molesta **aos veciños**. Baixa o volume para non molestalos.
 b. A túa actitude sorprendeu **a todos os presentes**. E non os sorprende calquera.
 c. Esta lei beneficia **aos pequenos aforradores**. E cómpre beneficiarlos aínda máis.
 [Tamén posible *molesta os veciños*, *sorprende os presentes*, *beneficia os aforr.*]

O uso de preposición con estes OD, así como outras anomalías que os mesmos presentan (adoitan ir en posición inicial: OVS, fronte ao habitual SVO; cfr. *A alguén[O] molesta algo[S]* vs. *Alguén[S] odia algo[O]*), provocan unha tendencia á reanálise destes OD como OI e consecuentemente a súa clitización con dativo, integrándose así no nutrido grupo de verbos de proceso mental que amosan un esquema OI-V-S (do tipo *gustar*, *parecer*):

- (31) a. **Aos veciños** moléstalles o ruído da música.
 b. **A todos os presentes** lles sorprendeu a túa actitude.
 c. **Aos pequenos aforradores** beneficiálles a nova lei.

Concibidas xa como OI, as FN en cuestión necesitan obviamente levar preposición *a*. Mais nestes verbos (contrariamente aos do tipo *parecer*) conviven o tratamento do Obxecto como un OD e como OI e o uso da preposición non está asociado restritivamente á análise da FN como OI.

b) Os verbos que expresan orde (*seguir*, *preceder*, *anteceder*, *sucedet*) presentan igualmente un esquema semántico atípico, en que o Obxecto posúe idénticos trazos semánticos que o SU (xeralmente ambos son [-anim]), e asemade idénticos trazos morfolóxicos: *Unha cousa segue/precede a outra*. Dada a reversibilidade dos dous termos postos en relación de orde, resulta necesaria a marca preposicional para a interpretación inequívoca da prelación

que se quere expresar, mesmo cando o Obxecto presente os graos máis baixos da xerarquía de animación (pois en calquera caso compárteos co SU):

- (32) a. A carencia vitamínica segue **á defectuosa estrutura social e económica** e non á inversa (G. Sabell).
 b. O outono precede **ao inverno**, e a primavera **ao verán**.

A partir dese uso preposicionado prodúcese certa tendencia á reanálise do OD como OI, e esténdese a súa clitización con dativo, alternante co acusativo. Confórmase así un estreameiro pouco nidio entre OD e OI:

- (33) a. Os gregos herdaron dunha raza descoñecida e misteriosa que **os** precedeu unha gran sabedoría en forma de mitos (Rof).
 b. Ao inverno precede**lle/o** o outono, e ao outono séguel**le/o** o inverno.

c) En ocasións o emprego da preposición vén propiciado por alteracións excepcionais dos padróns semánticos de verbos transitivos canónicos, resultando enunciados en que o OD é [+hum] e o SU [-anim], contravindo o que é habitual nestes verbos (e no esquema padrón da transitividade). Por exemplo: fronte ao esquema canónico *Alguén soterra algo*, podemos atopar puntualmente exemplos do tipo *Algo soterra a alguén*, en que o OD [+hum] precisa a marca preposicional para evitar que se interprete como un SU posverbal. Agora ben, cómpre evitar a tendencia a xeneralizar o uso da preposición con estes OD “excepcionalmente” [+hum]: a marca debe limitarse a aqueles casos en que a súa ausencia provoque un risco certo de interpretación do OD como SU, como ocorre en (34ab) infra. Por contra, en (34c) o OD, a pesar de ser [+hum], contrariamente ao esquema padrón (*alguén consegue algo*) non debe levar preposición, pois non hai risco de que se interprete como SU da oración:

- (34) a. As pedras caídas polo barranco soterraron **aos obreiros**.
 b. Aquela estraña conduta delatou **ao fuxido**.
 c. Cf. Os produtores conseguiron **os/*aos actores** para a película.

4.3 Usos condicionados pola configuración sintáctica da oración

En ocasións, o uso da preposición faise necesario máis alá do segmento de maricación obrigatoria para evitar os efectos ambigüadores desencadeados por determinadas construcións sintácticas. É o caso cando menos das seguintes estruturas:

a) Oracións **relativas**. As peculiares características deste tipo de oracións dan lugar a unha particular casuística na avaliación da necesidade de marcar ou non con *a* o OD. Dada a súa relativa complexidade, a descrición será desenvolvida máis abaixo nunha sección á parte (§ 5).

b) Oracións **interrogativas parciais** (ou interrogativas-Q, introducidas sempre por pronome interrogativo). Nestas o constituínte interrogativo, aquel sobre o que se pregunta, inicia

sempre a oración, e o SU vai en posición posverbal, non sendo que sexa el o constituínte interrogativo, caso no cal debe ocupar a posición inicial (i.e.: Q-V-S, agás S=Q → Q_s-V). Cando o constituínte interrogativo é o OD e ten referente persoal (é dicir, cos pronomes *quen* e *cal*) este non debe levar preposición. Porén, cando unha FN posverbal posúa uns trazos morfolóxicos (concordancia número-persoal) e semánticos que permitan interpretalo indistintamente como SU ou OD, a partícula interrogativa deberá levar *a* no caso de desempeñar a función de OD, para que non se entenda como SU¹²:

- (35) a. **Quen** viches ti? [interpretación inequívoca → ***A quen**]
 b. **A quen** viu ese neno? [cfr. Quen(SU) viu ese neno(OD)?]
 c. **A cal de vós** viu o neno? [cfr. Cal de vós(SU) viu o neno(OD)?]

c) Construcións **comparativas**. Nas estruturas en que a comparación se fai entre Obxectos Directos, o OD que introduce a comparación ten que levar frecuentemente preposición pois, sen ela, se interpretaría que a comparación se fai entre Suxeitos:

- (36) a. O avaro acariñaba o ouro **como a unha amante** bonita e terrible (Otero).
 [cfr. O avaro acariñaba o ouro como **unha amante** (=SU de *acariñar*)]
 b. O Señor de Sampaio, ao cal todos tiñan un medo que pavoaban; pero isto mentres non topasen quen os axudara a curralo e acañalo **coma a unha fera** (López Ferreiro).

Con todo, só se debe usar a preposición cando as características semánticas do OD son compatibles coa súa interpretación como SU. En caso contrario debe evitarse, ao non existir risco de confusión: *Admiro a intelixencia máis que a beleza* (agramatical **máis que á beleza* dado que non é posible interpretar *A beleza* como SU de *admirar*).

Por analogía paralelística, existe certa tendencia a estender o uso da preposición ao OD co que se establece a comparación, cando este é [+anim/+hum]. Así, nunca se dirá **Acariñaba ao ouro como a unha amante*, pero si se escoita *Trata ao neno coma a un can*. Porén, estes OD deben levar preposición unicamente cando se correspondan cos chanzos da xerarquía de animación/determinación aos que, segundo os principios xerais do sistema MSO, lles incumba levar tal marca: *Trata a Carlos / ao pai / a el como a un can*, pero *Trata o neno como a un can*.

d) Construcións **coordinativas**. Por extensión analóxica, nas construcións coordinativas en que un dos membros coordinados necesita, polas súas características, levar marca preposicional, esta tende a empregarse tamén cos demais membros da coordinación, aínda que non a deberan levar de seu, e non a levarían de non apareceren coordinados con aquel. Esta estrutura foi considerada, en efecto, un dos mecanismos favorecedores da expansión do

12 As interrogativas totais, que carecen de constituínte interrogativo (Q), presentan a mesma estrutura que as declarativas, das que habitualmente só se distinguen pola curva de entoación. En consecuencia, tamén non se diferencian destas no tocante ao emprego do acusativo preposicional, para o que seguen as regras xerais.

uso do acusativo preposicional (Meier 1948, López Martínez 1993), desde a Idade Media ata o presente, en que segue actuando ese espallamento paralelístico:

- (37) a. Ay aquela casa d'aquel que ofendeo **a nos e a toda nosa linagõe!** (*Mirages*, 229).
 b. Que desampararõ **a ti et ao ãnfermo** (*Mirages*, 179).
 c. Tivera ben coidado de nomear curadora dos fillos **a dona Aragonta e mais a algũs amigos** (López Ferreiro).
 d. Un taxi levounos **a un compañeiro e a min** ao aeroporto.

Porén, en ocasións non se dá este alargamento analóxico. Tal ocorre cando os membros agrupados se conciben na mente do falante como un todo unitario, e non como unha confluencia de entidades diversas. Neste caso vai unha única marca ao principio, e non se repite nos seguintes membros coordinados, aínda que pola súa natureza a deberan levar de non estaren subsumidos nese todo global:

- (38) a. Viñeron acordar co señor Marqués da Romana o modo de pescar **a Sul e Ney** (Fernández Neira).
 b. **A ti e min** sempre nos confunden con Anxo e Helena.

e) Tamén se usa preposición na locución de reciprocidade **un a(o) outro** (con ou sen artigo) coas correspondentes variantes de xénero e número:

- (39) a. Nestas dimensións os tecidos máis dispares rematan parecéndose extraordinariamente **uns a outros** (Rof).
 b. O diñeiro tráese **un ao outro** en razón directa da súa masa (Risco).

Con todo, como é doado verificar, a locución non é propiamente unha construción sintáctica recíproca en que se involucra un OD, senón máis ben unha expresión lexicalizada coa que se aclara o carácter recíproco dunha estrutura sintáctica (xeralmente unha construción pronominal con *se*) que, sen esa locución, podería quedar ambigua. Pero nesa expresión fixa non se poden analizar con propiedade os seus constituíntes como o SU e o OD dunha oración en realidade inexistente.

5. Marca preposicional do OD nas oracións relativas

As oracións relativas constitúen un caso especial no uso da preposición *a* como marca selectiva de Obxecto (MSO), dado que o pronome relativo que as introduce, á parte de actuar como nexos, desempeña función sintáctica na oración, entre elas moi frecuentemente as de SU e OD. Dado que a posición do nexos é fixa (sempre ao comezo da oración de relativo) e as posibilidades de que leve marca preposicional dependen de cada pronome, a avaliación da necesidade de marcar o OD con preposición para que non se confunda co SU resólvese dun xeito peculiar.

Cómpre ter en conta ademais que, como subordinada que é, a oración relativa desempeña ela á súa vez función sintáctica na oración en que está incrustada, e entre esas funcións atópase a de OD. Por último hai que considerar aínda outro contexto sintáctico moi especial en que pode aparecer a oración relativa: o das oracións atributivas enfáticas, afectando tamén o xeito de marcar os OD focalizados mediante esta estrutura. Temos que examinar, en definitiva, tres escenarios distintos na MSO involucrando oracións relativas:

- 1) Uso da preposición marcando o OD dentro da oración relativa (ex. 40a).
 - 2) Id. marcando a oración relativa cando esta funciona como OD (ex. 40b).
 - 3) Id. en estruturas atributivas enfáticas en que se focaliza o OD (ex. 40c):
- (40) a. Os vermellos labios da costureira **a quen** cortexaba (Lamas).
 b. Rabuñou **a quen** el coidaba que calaba adrede (Dieste).
 c. **A quen** encontraron foi a Nuno (López Ferreiro).

5.1 Uso da preposición marcando o OD dentro da oración relativa

O caso máis común é que se trate dunha oración de relativo que funciona como Modificador e que inclúe un OD e un SU asemade. Destes dous constituíntes, potencialmente confundibles, un terá carácter léxico e o outro será o pronome relativo. O eventual uso da preposición marcando o OD depende do nexa que se empregue: *que*, *quen*, *o que* ou *o cal*.

a) Se a oración vai introducida polo nexa *que* (o máis común nas relativas), a marca preposicional, de habela, irá necesariamente no constituínte léxico, pois *que*, a diferenza dos outros nexos tamén dispoñibles, non admite levar preposición *a* (aínda que si admite algunhas outras: *o home *a que vin / de que che falei*). Así pois, nun exemplo como *A rapaza que coñece o neno* entenderase, diante da ausencia de marcas, que *o neno* é SU e o *que* (recuperando ‘a rapaza’) é o OD. Para que se entenda inequivocamente que *o neno* é OD deberá levar marca preposicional (*A rapaza que coñece ao neno*), a pesar de que pola súa localización da xerarquía de animación (no chanzo [+hum]) non debería levala. Mesmo cos OD inferiores na escala pode resultar necesaria marca: *A realizade que supera á ficción* (OD co trazo [+contin], o máis baixo da escala).

Porén, non todos os OD das relativas introducidas por *que* levan preposición: máis alá do segmento de marca obrigatoria, a preposición úsase só en caso de necesidade para evitar interpretacións indesexadas, en virtude dunha avaliación *ad hoc* que ten en conta:

(i) Os trazos semánticos que impón cada predicado sobre os dous argumentos en cuestión: úsase a preposición só cando os dous constituíntes son susceptibles de ocuparen as dúas posicións. Compárese (41) vs. (42):

- | | | | |
|------|----|---|-------------|
| (41) | a. | A rapaza que coñece ao neno . | [con prep.] |
| | b. | A realidade que supera á ficción . | [con prep.] |
| (42) | a. | O lixo que enche a rúa . | [sen prep.] |
| | b. | A xeadada que murchou a planta . | [sen prep.] |

Nos exemplos (41), sen preposición interpretaríase que o neno coñece a rapaza e que a ficción supera a realidade. Por contra os de (42) non levan preposición, pois sen ela resulta imposible interpretar que a rúa encha o lixo ou que a planta murche a xeadá.

(ii) Os trazos sintácticos de número e persoa dos dous argumentos concernidos: úsase a preposición só cando eses trazos coinciden, pois en caso contrario a identificación de SU vs. OD resólvese mediante a flexión verbal, sen necesidade de preposición. Compárese:

- (43) a. A rapaza que coñece **ao neno**(OD) As rapazas que coñecen **aos nenos**(OD)
 b. As rapazas que coñecen **o neno**(OD) As rapazas que coñece **o neno**(SU)
 A rapaza que coñece **os nenos**(OD) A rapaza que coñecen **os nenos**(SU)

b) Se a oración relativa que funciona como Mod. vai introducida por *quen*, este necesita obrigatoriamente levar preposición. Por tanto *quen* non pode funcionar como SU da oración relativa (**A rapaza quen chegou onte*, débese usar o nexo *que*) e cando funciona como OD ten que levar sempre preposición *a*, con independencia de que o contexto sintáctico o demande para evitar ambigüidade: así dicimos *A rapaza a quen coñece o neno*, pero tamén *A rapaza a quen coñecen os nenos*, onde a flexión número-persoal do verbo só permite a interpretación de *os nenos* como SU e do pronome como OD.

c) O nexo *o cal* concorre con *que* cando as oracións de relativo que introduce son explicativas (non restritivas) ou ben cando sendo especificativas (restritivas) levan preposición: **Esta é a rapaza a cal coñezo*; *Esta é a rapaza da cal che falei*; *Chegou cun rapaz, o cal seica era o seu mozo*. Xa que logo, cando introduce unha explicativa *o cal* funciona como *que* no uso de marca preposicional de Obxecto (v. supra), e cando introduce unha especificativa leva sempre a preposición *a* de OD: *Esá é a rapaza á cal coñece o neno*.

d) Se a oración relativa vai introducida polo nexo *o que* e este funciona como OD da mesma, leva tamén sempre marca preposicional: *A rapaza á que coñece o neno*. *Os obreiros aos que contratei*.

Así pois, cando funcionan como OD, *quen*, *o que* e *o cal* (este último, especificativo) levan sempre preposición. Pero non o fan desatendendo as regras do sistema MSO: tales nexos só se poden empregar cando teñen referentes animados; con OD de cousa só se pode usar o pronome *que*. Repárese: *O libro *a quen / *ao que / *ao cal lin* vs. *O libro que lin*.

En resumo: cando o nexo relativo é SU non leva, obviamente, preposición, pero só se pode usar *que*. Neste caso, o OD léxico leva marca se o contexto é ambiguo, aínda que se sitúe na zona máis baixa da escala de animación. Cando o relativo funciona como OD, por contra, poden aparecer todos os nexos: *quen*, *o que*, *o cal* levan preposición, *que* non a leva. De xeito simplificado (exclúense as explicativas):

A rapaza coñece o neno	A rapaza que coñece ao neno (*quen / *a que / *a cal)	Q = SU
O neno coñece a rapaza	A rapaza que coñece o neno A rapaza a quen coñece o neno (á que / á cal)	Q = OD

5.2 Uso da preposición marcando unha oración relativa con función de OD

Nesta estrutura só pode aparecer o nexa *quen* e $\{o/aquel\} + que$. En ningún caso poden aparecer os outros nexos relativos, pois precisan usarse con antecedente e neste caso non existe. Consecuentemente, *o que*, *aquel que* úsanse en forma invariable (masc. sg.) ao non teren antecedente con que concordar.

Cando van introducidas por pronome relativo *quen* estas oracións en función de OD levan preposición *a*. Cómpre porén non confundilas coas completivas de OD que presentan un nexa homónimo *quen*, neste caso pronome interrogativo por seren tales completivas oracións interrogativas (indirectas). Estas non levan preposición, agás en risco de interpretación ambigua (v. § 4.3.b *supra*, cfr. 44c” *infra*). O pronome relativo parafrasease como ‘aquel que’, o interrogativo como ‘quen é o que’. Compárese:

- | | | | | |
|------|----|---|-----|---|
| (44) | a. | Rabuñou a quen calaba adrede | a’. | Notou quen calaba adrede |
| | b. | Ignoras a quen se comporta así? | b’. | Ignoras quen se comporta así? |
| | c. | Contratei a quen me recomendaron | c’. | Xa sabes quen contratei |
| | | | c”. | Xa sabes a quen contratou o xefe |
| | | QUEN pron. relat. / Or. relativa | | QUEN interr. / Or. completiva |

As oracións relativas (columna da esquerda) adoitan levar preposición sempre, mesmo cando o verbo da principal non vai en terceira persoa (*ignoras*, *contratei*), caso no cal a oración subordinada nunca se podería interpretar como de SU. A tendencia á regularización do sistema (*quen* pron.relat. leva así sempre marca preposicional de OD) e a concorrencia coas completivas de OD (as da columna da dereita) xustifican esta xeneralización no uso da marca. Con iso e todo, cando non hai ambigüidade, pode construírse a oración sen preposición: *Contratei **quen** ti me recomendaches*.

Cando o nexa é *o que*, *aquel que*, por contra, as oracións relativas de OD (que non sofren xa a concorrencia das completivas) non levan preposición agás para impedir que a oración se entenda como de SU. Compárese: *Rabuñou **ao que** calaba adrede* (sen prep. interprétase a oración subordinada como SU); pero *Ignoras (*a) **aquel que** se comporta así?*, *Contratei (*a) **o que** ti me recomendaches*.

5.3 Uso da preposición en estruturas atributivas enfáticas en que se focaliza o OD

No caso das estruturas atributivas enfáticas (chamadas con frecuencia oracións fendidas ou clivadas) a oración relativa que conteñen leva preposición cando o OD que recupera (escindido como foco) necesita marca preposicional, consonte as regras xerais. Noutro caso debe evitarse. O nexa pode ser indistintamente *quen* ou *o que* variable, ben que este último só se pode usar cando é precisa a preposición. Exemplos:

- (45) a. Atopeina a ela. → **A quen (á que)** atopei foi a ela.
 b. Atopei a Nuno. → **A quen (ao que)** atopei foi a Nuno.
 c. Atopei a teu pai. → **A quen (ao que)** atopei foi a teu pai.
 d. Atopei un amigo. → **Quen** atopei foi un amigo (***A quen** / ***ao que** atopei...)

Cómpre, porén, ter en conta que cando unha FN-OD se marca como foco mediante esta estrutura atributiva, no caso de esa FN focalizada preceder á oración de relativo, pode ou ben reter a condición de OD que tiña na oración básica ou ben ser tratada como o SU do auxiliar *ser*, e neste caso non leva, obviamente, preposición. Isto é: cabe dicir *Foi a ti a quen atopei* ou *Fuches ti quen atopei*, partindo da base común *Atopeite a ti* (Foco).

O pronome relativo tende, por regra xeral, a copiar a marca de caso que ten a FN focalizada que recupera, polo que no caso de esta ser tratada como SU tampouco levará preposición o pronome:

- (46) a. Foi ela **quen** atopei. a'. Ela foi **quen** atopei.
 b. Foi Nuno **quen** atopei. b'. Nuno foi **quen** atopei.
 c. Foi teu pai **quen** atopei. c'. Teu pai foi **quen** atopei.
 d. Foi un amigo **quen** atopei. d'. Un amigo foi **quen** atopei.

Non obstante, o pronome relativo levará necesariamente marca preposicional, aínda carecendo dela a FN que recupera, cando a oración relativa leve outra FN SU en P3 semanticamente interpretable como OD, pois a ausencia de preposición provocaría a indesexada interpretación do *quen* como SU da oración relativa, e da FN-P3 como OD: *Foi ela a quen atopou o rapaz*; *Nuno foi a quen atopou o rapaz* (cfr. *Foi ela quen atopou o rapaz*; *Nuno foi quen atopou o rapaz*, onde *quen* = SU e *o rapaz* = OD). Porén, se esa FN require de seu preposición para funcionar como OD e non a leva, deixa de haber ambigüidade e daquela o OD relativo non ten que levar xa preposición: *Foi ela quen atopou papá*; *Foi Nuno quen atopou el* (cfr. *Foi ela quen atopou a papá*; *Foi Nuno quen o atopou a el*).

6. Remate

Retomando as ideas clave do exposto no que precede, cómpre salientar unha idea que, por obvia que pareza, convén non perder de vista: o galego é unha lingua que, por regra xeral, non marca os OD con preposición. Porén, de xeito notoriamente excepcional, marca con *a* aqueles Obxectos que teñen máis risco de se confundiren cos Suxeitos. Rexe pois un sistema de *marcación selectiva de Obxecto* segundo a cal tenden a levar preposición os OD que denotan entidades cun alto grao de animación e determinación, trazos semánticos característicos dos SU prototípicos. Ora ben, no marco das moitas linguas con este tipo de mecanismo, o galego sitúase entre as relativamente máis contidas no emprego da marca: no contexto das linguas romances é algo máis marcadora que o portugués estándar (a variedade

máis restritiva hoxe; salientese, porén, que esta lingua usaba moito máis a preposición ata o século XVIII), e moito menos marcadora que o castelán (a variedade romance cun uso máis amplo da marca, xunto co romanés).

Dicir que se marcan os Obxectos que teñen máis risco de se confundiren cos Suxeitos non quere dicir exactamente que se empregue a preposición para evitar a ambigüidade nas oracións en que se poidan confundir ambas as funcións. O mecanismo da MSO opera cunha estratexia a dous niveis. Para aqueles OD que posúen os trazos máis altos da xerarquía de animación/determinación (por tanto, os potencialmente máis confundibles cos SU ao compartiren con eles máis trazos prototípicos) o sistema determina o emprego da preposición en virtude dese risco potencial e con independencia de se resultarían ou non ambiguos os enunciados sen ela. O uso da preposición é, pois, nestes casos, produto dunha avaliación non-relativa dos trazos do OD. Por contra, para aqueles OD situados en tramos máis baixos da xerarquía, cun menor risco potencial de se confundiren cos SU ao compartiren con eles menos trazos, establécese un sistema de avaliación relativa ou *ad hoc*, consonte o cal só levan preposición aqueles OD que, sen ela, serían interpretables como SU. Xa que logo, só nestes casos a preposición ten unha función desambiguadora (ex.: *Envexan aos casados os solteiros*), que desde logo non teñen os usos determinados por avaliación absoluta (como *Eu vina a ela*, que non sería ambigua –pero si agramatical– sen preposición).

O uso da marca *a* determinado pola primeira estratexia (avaliación non-relativa dos trazos do OD) alcanza en galego aos pronomes persoais, a uns poucos pronomes non-persoais, cando teñen referente de persoa e función nuclear na frase OD (concretamente, o impersonal *un*, os cuantificadores de totalidade *todos*, *ambos* e “*os* + numeral cardinal”, e o identificador *calquera*) e aos nomes propios de persoa (agás cando levan determinante ou se usan metonimicamente, en que adoitan non levar preposición, cousa que pode acontecer tamén en usos cun baixo perfil de transitividade ou en obras en verso, por condicionamentos métricos). O alto nivel de gramaticalización da preposición con estes OD correspóndese coa súa posición nos tramos máis altos da xerarquía de animación/determinación.

A tendencia ao alargamento do uso de *a* con pronomes persoais a outros non-persoais, practicamente consumado no reducido grupo devandito (por mor da súa afinidade, nos usos sinalados, cos pronomes persoais), prolóngase cara a outros pronomes non-persoais, tamén por suposto cando estes teñen referente persoal e función nuclear. O nivel de uso varía segundo os pronomes (está moi espallado cos demostrativos e con *ninguén*, correlato negativo de *todos*), consonte unha dinámica de ampliación do mercado que responde a unha tendencia endóxena habitual nas linguas marcadoras diferenciais, mais que no galego tamén vén propiciada pola interferencia do castelán. Así pois, por criterio purista e cautelar, cos restantes pronomes convén limitar o uso da marca aos contextos en que resulte necesario para evitar interpretacións ambiguas, o que nos sitúa xa no ámbito da avaliación relativa.

A medio camiño entre os nomes propios (último chanzo xerárquico gramaticalizado no uso da preposición) e os nomes comúns (que por regra xeral carecen de marca) os nomes

de partentescos ás veces levan e ás veces non levan preposición, mais non ao chou: a variación responde ao grao de determinación ou referencialidade que en cada caso exhiban estes nomes, moi variable nesta categoría estremeira.

Cos OD situados máis abaixo na escala (nomes comúns en xeral, sexan ou non de referente humano), rexe a estratexia da avaliación *ad hoc*. Como opción por defecto, estes complementos non levan preposición, ao non se lles atribuír un risco elevado de confusión cos SU prototípicos, cos cales non comparten características semánticas. A pesar diso, estes nomes comúns (sobre todo os que designan entes humanos, pero mesmo eventualmente os inanimados) poden tamén necesitar marca preposicional naqueles contextos de uso en que, sen ela, o OD sería interpretable como SU. Ao falante cábelles determinar, daquela, a conveniencia de empregar ou non a marca, a través dunha avaliación axustada a cada caso e de carácter relativo, no senso de que non terá en conta as características autónomas do OD (como acontecía na zona de avaliación non-relativa) senón a configuración da oración no seu conxunto. Especificamente, avaliará os efectos ambigüadores da configuración pragmática da oración (alteracións na orde de constituíntes e certas marcas prosódicas asociadas a elas), da súa configuración semántica (alteracións nos padróns semánticos prototípicos do binomio SU-OD) e da súa configuración sintáctica (en función das peculiaridades de determinadas estruturas sintácticas), consonte os criterios debullados nas páxinas precedentes (§§ 4 e 5), os cales nalgún caso acadan certa complexidade expositiva.

Se ben desde un punto de vista descritivo esta avaliación ten unha marcada discrecionalidade subxectiva e situacional nestes usos menos gramaticalizados, normativamente cómpre recomendar teimosamente neles a construción sen preposición. Toda a aludida complexidade expositiva da avaliación nesta zona pode reducirse, a efectos prácticos, a unha regra “de peto”: o emprego de *a* nestes casos é só aceptable de resultaren ineficaces os restantes recursos para evitar a ambigüidade entre o SU e o OD; é dicir, cando nin a flexión verbal, nin os clíticos, nin a orde de constituíntes nin os trazos semánticos dos dous argumentos implicados son quen de evitar conxuntamente a ambigüidade da oración, e mesmo propician a súa interpretación errada.

A importancia cuantitativa destes usos inestables de preposición ante OD resulta abofé insignificante no conxunto do sistema lingüístico do galego —como certamente calquera outro trazo lingüístico considerado illadamente. Por iso semellan enganosamente irrelevantes no deseño da traxectoria global da lingua e inocuos para o mantemento da súa integridade. Mais a lingua é un sistema dinámico, aberto e complexo. E, como nos ensinan os principios da dinámica non-lineal e ilustra o coñecido efecto bolboreta, calquera pequena transformación introducida nas condicións dun sistema pode provocar nun futuro incerto grandes diferenzas nos seus estados subseguintes. Por iso as excepcións (figuras estremeiras coas perturbacións do sistema) cómpre manexalas con cautela, pois tenden a actuar como punta de lanza para o alargamento cara a usos claramente contrarios ao que debe ser tido como xenuinamente galego. A profusión no mercado preventivo do OD con *a* responde a unha estratexia allea ao galego que debe ser evitada. Para que o galego non só siga sendo galego senón que, ademais, o siga parecendo.

Referencias bibliográficas

- Bossong, G. (1991): “Differential Object Marking in Romance and beyond”, en D. Wanner / D. A. Kibbee (eds.): *New analyses in Romance linguistics*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, pp. 143-170.
- Cidrás Escáneo, F. A. (1998): “Marcaxe preposicional de obxecto en galego. Emerxencia e vicisitudes dun proceso de gramaticalización sintáctica”, en D. Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, pp. 569-580.
- Cidrás Escáneo, F. A. (2004): “A sintaxe na gramática: problemas de descrición e problemas de prescrición”, en R. Álvarez / H. Monteagudo (eds.): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o galego*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 335-357.
- Cidrás Escáneo, F. A. (2005): “Realidade lingüística e representación gramatical: a propósito do tratamento do ‘acusativo preposicional’ na historia da gramática galega”, en A. Boullón, X. L. Couceiro e F. Fernández Rei (eds.): *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 307-322.
- Delille, K. H. (1970): *Die geschichtliche Entwicklung des präpositionalen Akkusativs im Portugiesischen*. Bonn: Romanisches Seminar der Universität.
- Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Krifka, M. et alii (1995): “Genericity: An Introduction”, en G. Carlson e F. J. Pelletier (comps.): *The Generic Book*. Chicago: The University of Chicago Press, pp. 1-125.
- Laca, B. (1987): “Sobre el uso del acuativo preposicional en español”, *Romanistisches Jahrbuch* 38, pp. 291-312.
- Lazard, G. (1984): “Actance Variations and Categories of the Object”, en F. Plank (ed.): *Objects. Towards a Theory of Grammatical Relations*. London: Academic Press, pp. 269-292.
- López Martínez, M. S. (1993): *O complemento directo con preposición A en galego*. Santiago de Compostela: Universidade.
- López Martínez, M. S. (1998): “A preposición *a* co complemento directo no galego e no castelán medievais”, en D. Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, pp. 633-647.
- Meier, H. (1948): “Sobre as orixens do acusativo preposicional nas linguas românicas”, en *Ensaio de Filologia Românica*. Lisboa: Revista de Portugal, pp. 115-165.
- Niculescu, A. (1959): “Sur l’objet direct prépositionnel dans les langues romanes”, en *Recueil d’études romanes*. Bucarest: Éditions de l’Académie de la R. P. Roumaine, pp. 167-185.
- Pensado, C. (1995): “El complemento directo preposicional: estado de la cuestión y bibliografía comentada”, en C. Pensado (ed.): *El complemento directo preposicional*. Madrid: Visor Libros, pp. 11-59.
- Rohlf, G. (1971): “Autour de l’accusatif prépositionnel dans les langues romanes”, *Revue de Linguistique Romane* 35, pp. 312-333.
- Sánchez López, C. (1999): “Los cuantificadores: clases de cuantificadores y estructuras cuantificativas”, en I. Bosque e V. Demonte (dirs.): *Gramática Descriptiva de la Lengua Española*. Madrid: Real Academia Española / Espasa, pp. 1025-1128.
- Schäfer-Prieß, B. (2002): “O acusativo preposicional na história da língua portuguesa”, en *História da Língua e História da Gramática. Actas do Encontro*. Braga: Universidade do Minho, pp. 405-419.
- Vázquez Cuesta, P. e M. A. Mendes da Luz (1971³): *Gramática portuguesa*. Madrid: Gredos, [1ª ed., moito máis reducida, de 1949. Cito pola trad. portuguesa da 3ª ed.: *Gramática da língua portuguesa*. Lisboa: Edições 70, 1980].